



## MEMORIA XUSTIFICATIVA

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE ESPELEOLOXÍA EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de protección civil, segundo o disposto no Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e polo Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (DOG nº 108, do 7 de xuño de 2004), polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, regulan que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

#### Antecedentes:

Entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é conveniente contar en determinados momentos con medios alleos, ademais dos propios, co fin de optimizar recursos e orzamentos, mellorando a planificación e intervención nas emerxencias ordinarias e extraordinarias que poidan darse na nosa comunidade.

A Federación Galega de Espeleoloxía, conta cun grupo coa capacitación técnica e estrutura organizativa necesarias, adquiridas ao longo destes anos de colaboración coas autoridades de protección civil da nosa comunidade, o que nos permite dispoñer dun recurso necesario para dar unha resposta ante emerxencias e desastres nas que sexa preciso así como en actividades de prevención de riscos.

#### Finalidade:

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Federación Galega de Espeleoloxía o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e a Federación Galega de Espeleoloxía, para asesorar aos servicios de emerxencia, en caso de accidente ou incidente, en actividades de espeleoloxía, espeleomergullo e





XUNTA  
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES

descenso da canóns e barrancos, empregando os recursos da propia asociación, en determinadas situacións de emerxencia que se orixinen no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Da formalización do presente convenio non se derivan obrigas económicas para a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o citado instrumento convencional fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, de 26 de febreiro de 2014, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos no citado texto, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

O director xeral de Emerxencias e Interior  
Santiago Villanueva Álvarez

